



# BIBLIOTECA

Hai xa uns anos decidimos abordar a difícil tarefa de poñer en funcionamento a nosa Biblioteca Escolar. Estes espazos son na actualidade centros de recursos de lectura, información e aprendizaxe. Son ámbitos educativos específicos integrados na vida escolar. Durante varios cursos o noso centro acolleuse ás distintas convocatorias da Consellería de Educación para a mellora da biblioteca e grazas a esas axudas, ao Concello e ao traballo do Equipo de Biblioteca fomos conseguindo mellorar a súa infraestrutura, equipamento e impulsar a biblioteca escolar.

## ASÍ ERA ANTES A NOSA BIBLIOTECA



## E ASÍ É AGORA



Como moit@s sabedes, existe un espazo en Internet a través do que podemos entrar na nosa biblioteca cando queiramos: O BLOG

[bibiolili.blogspot.com](http://bibiolili.blogspot.com)

## AXUDANTES DE BIBLIOTECA

Durante este curso os 15 alumnos de 6º foron axudantes da biblioteca durante os recreos.


Levamos uns petos cos que nos poden identificar.  
Estamos requeteguapos!



Axudamos a buscar información nos ordenadores.



Levaron o rexistro dos libros emprestados.



Ordenaron nos andeis os libros entregados.

Recomendaron lecturas.



Este libro necesita ir á "enfermería".



Fixérono fenomenal e con moita ilusión.  
Grazas a tod@s pola vosa colaboración.



## TRABALLANDO AS EMOCIONES XORDEN MONTAÑAS OPCIONES...

1ª parte: Xogando coas emociones...

CREATIVIDADE E IMAGINACIÓN CON MONTAÑAS SÁTISFACCIÓN



Fixemos unha lista das nosas emociones...



Creámoslas manipulativamente...

RELOXO analóxico EMOCIONAL



ETIQUETANDO...




DECORANDO...

OS ALUMNOS DE 6º ED. INFANTIL:  
PABLO, EDGAR,  
UXÍO e ÓSCAR.



AS ALUMNAS  
DE 1º ED. PRIMARIA:  
MARA e CARMEN.




ESTE É O  
RESULTADO:  
O NOSO  
RELOXO DAS  
EMOCIÓN!!



## EMOCIÓN...? Siii!!!!

2ª PARTE: Despois de afondar nas distintas emocións... praticámos a Autorregulación emocional co SEMÁFORO dos enfados.



Estudamos as fases do enfado e a transformación das nosas emociones...



- 1.- LUZ VERMELLA: PÁROME.  
(Non berro, non insulto, nin patalexo).
- 2.- LUZ AMARELA: RESPIRO PROFUNDO e conto ata 10.  
(As veces que precise).
- 3.- LUZ VERDE: EXPLICO o problema e o QUE SINTO.

E COMO RESULTADO.... O PRODUTO FINAL:  
O NOSO SEMÁFORO DE XESTIÓN  
EMOCIONAL!!!



# GOOD LUCK, LAURA!



Outro ano máis chega o momento de facer Balance sobre todo o acontecido durante este curso 2014/2015. Como sempre, dende a área de inglés queremos aproveitar este recuncho que nos brinda "CHORIMA" para amosarvos algunas das actividades levadas a cabo con Laura, a nosa Auxiliar de Conversa. O resto de actividades pódense ver no noso blog SKIDAMARINK (<http://skidamarink2012.blogspot.com.es/>).

Os alumnos de Primeiro e de Segundo teñen Plástica en inglés e foron moitas as actividades que realizaron. Aproveitando a celebración de St. Patrick's Day aprenderon as cores do arco da vella e fixeron estas bonitas manualidades.




*Durante a celebración do Día do Libro, os alumnos de 3º e 4º traballaron os contos de Goldilocks e Hansel and Gretel. Como tarefa final fixeron casas de papel nas que incluíron todo o aprendido sobre os devanditos contos.*



*Quinto e sexto convertéronse nos mellores embaixadores turísticos de As Pontes e realizaron uns bonitos folletos sobre a súa localidade.*



*En Educación Infantil, Laura contoules o conto de Os tres porquínos en inglés. Logo, os nenos e nenas fixeron uns libriños en forma de porquiño.*




## LETRAS GALEGAS 2015

O autor homenaxeado este ano foi Xosé Fernando Filgueira Valverde.

Todos os nenos do colexio estudamos a súa vida e obra, realizando despois un festival no Álovi no que bailamos, interpretamos cantigas, representamos teatro e enxalzamos a Galicia e a súa cultura.



En sexto de primaria preparamos unha biografía de Filgueira Valverde en verso. O 17 de maio, Día das Letras Galegas, fomos un grupo a lela a un acto cultural que se leva a cabo no Liceo. Acompañamos a nosa actuación coa lectura de "A tendeira", un conto extraído de *Quintana viva*, o libro máis coñecido do autor.



## AS FERMOSAS PALABRAS GALEGAS

Todos os alumnos de primaria participamos nunha actividade que consistiu en elixir a palabra galega que nos parecía máis fermosa.

Unha vez que realizamos o reconto, resultou gañadora por ampla maioría a palabra **amor**, seguida de cerca por **bolboreta**, tendo tamén bastante éxito **bicos**, **agasallos**, **arco da vella**, **paxaros**, **xoaniñas**, **can**, **amorodo** e **nai**.

A nosa lingua é tan rica en palabras fermosas, que as gañadoras poderían ter sido moitas outras.



# Outro ano máis polas terras de Trives


Este ano voltamos a Cabeza de Manzaneda xunto cos compañeiros do CEIP A Magdalena; foron tres días



apaixoantes onde os nenos/as disfrutaron dunha gran variedade de actividades na natureza .

Montamos a cabalo, en Karts,

escalamos, xogamos ao béisbol e compartimos outras moitas experiencias, mesmo con colexios doutra provincia.





A ANPA Ponte Romana é a asociación de nais e pais do noso colexio e centrámonos principalmente en dúas áreas de traballo: a relación cóbado con cóbado co persoal docente e os servizos tales como actividades extraescolares, festas tradicionais, eventos deportivos, etc. Mais fundamentalmente, o que nos interesa é que os nenos sintan que pertenecen a un grupo e que o seu centro escolar ten vida máis aló do estreitamente académico.

A ANPA somos todos os socios, áinda que na directiva estamos agora mesmo 6 nais que adicamos tempo do noso tempo a tentar lograr os obxectivos antes nomeados. Ás veces non é doadoo e cometemos os nosos errores, polos que pedimos desculpas anticipadamente. Si que nos gustaría que empaticedes connosco, que entendades que somos unha nai máis con todo o que conleva, e que nos fagades chegar as vosas ideas e as vosas dúbidas, e... que vos unades a nós: o traballo repartido sempre é máis levadeiro.



Non nos queremos esquecer do noso agradecemento a todos aqueles que colaborades de forma altruísta na formación dos nosos nenos botándonos unha man... e non podemos deixar pasar a oportunidade de nomear ao altruísmo en persoa, Xose Cendán Montero: míster, grazas, grazas e más grazas!




Outro curso que remata, como corren! Desfrutade do verán e collede moitos folgos para o vindeiro curso. Vémonos en setembro!

PARA ESTE VERÁN...  
LECTURAS FRESCAS!




DE 3 A 5 AÑOS



**LA PEQUEÑA ORUGA GLOTONA**

Eric Carle

Editorial Kóninos



**O ABECEDARIO**

Óscar Villár

A Mesa pola Normalización Lingüística


**1º E 2º DE PRIMARIA**



**OS RATOS DA CASA**

Natalia Colombo

Editorial Kalandraka




**CUANDO TRABAJÉ EN EL CIRCO**

Roberto Aliaga

Editorial Anaya


## 3º E 4º DE PRIMARIA



**EL CIRCO DE BALTASAR**

Pepe Maestro

Editorial Edelvives




**HISTORIA DA BICICLETA**

**DUN HOME LAGARTO**

Fina Casalderrey

Editorial Xerais

## 5º E 6º DE PRIMARIA



**DIARIO DE GREG 9**

Jeff Kinney

Editorial RBA





**CONTOS PARA NENOS  
UN POUQUIÑO MODERNOS**

José Carlos Bermejo

Editorial Enxebrebooks

# MOMENTOS ESPECIAIS





Observa a evolución dos alumnos que este curso nos deixan para iniciar a viaxe cara a Educación Secundaria.



# Educación Infantil



## Educación Primaria

